**CONCELLO**
**O PEREIRO DE AGUIAR**

**Expediente núm.:** 1977/2022
**Actividade:** Nomeamentos
**Procedemento:** Nomeamentos
**Asunto:** Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2022 - 2023 (Limpador/a de instalacións municipais) (Substitución da persoa traballadora)

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 13/09/2022
HASH: 0673c44a8cbd1ff0d5b2e7dd2227caaa

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 13/09/2022
HASH: 9665d207ede6581dc8aae4c21651e168

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0720 Data: 13/09/2022

### ANTECEDENTES

1. Con data 08.03.2022, a traballadora Concepción Pulido González ( 48 limpadora de instalacións municipais, causa baixa por incapacidade temporal por continxencias comúns, cualificando o facultativo o proceso como "longo".

2. O último parte de confirmación (nº 9) con data de entrada no rexistro xeral do Concello o 18.07.2022 indica unha duración estimada da dita baixa de 154 días.

3. O 02.08.2022 o xefe de sección de subsidios da Dirección Provincial de Ourense do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), remite pola Oficina Central de Rexistro do noso Concello (núm. de rexistro 2022 – E – RC – 3853), a Comunicación de resolución sobre determinación da continxencia da incapacidade temporal iniciado pola antedita traballadora, na que se "*declara o carácter profesional, derivado de accidente de traballo, da incapacidade iniciada por Concepción Pulido González en fecha 08.03.2022. Este proceso de baixa é recaído do proceso de baixa de 25.10.2021.*"

4. O13.09.2022 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre a necesidade e as condicións da contratación laboral temporal que se derivan da cobertura da incapacidade temporal do/a traballador/a referido no punto 1.

5. O 13.09.2022 o Departamento de persoal deste Concello, procede a realizar o chamamento do/a primeiro/a aspirante que figura na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0709 de data 09.09.2022, cuxo asunto é "Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023. Actualización da quenda de reserva", na categoría profesional de "Limpador/a de instalacións municipais".

6. A Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0709 de data 09.09.2022, establece o que copiado literalmente di:
   ***"Primeiro.-** Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023 na categoría profesional de "Limpador/a de instalacións municipais" (artigo 15):*

Cod. Validación: 5DEM9M542TXL7LPM252ERDDQ3 | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | DISCAPACIDADE | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | COÑECEMENTO LINGUA GALEGA | TOTAL MÉRITOS | PROBA DE COÑECEMENTOS | | | PROBA GALEGO | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | Test | Suposto práctico | Total | | |
| 1 | Formoso Iglesias Natalia | 3: | Si | - | 0,40 | 1,00 | 1,00 | 2,40 | 5,40 | 4,90 | 10,30 | - | 12,70 |
| 2 | Nóvoa Fernández Mª Teresa | 8- | Si | - | 0,05 | 0,00 | 0,00 | 0,05 | 6,00 | 5,70 | 11,70 | - | 11,75 |
| 3 | González Martínez Fátima | 6 | Si | - | 0,00 | 0,10 | 0,50 | 0,60 | 5,40 | 5,40 | 10,80 | - | 11,40 |
| 4 | Pérez Blanco Baltasara | 9: | Si | - | 0,00 | 0,50 | 1,00 | 1,50 | 4,80 | 4,80 | 9,60 | - | 11,10 |
| 5 | Dibuja Barroso David | C | Si | - | 0,00 | 0,50 | 0,50 | 1,00 | 4,80 | 5,00 | 9,80 | - | 10,80 |
| 6 | Lacusta Vanesa-Iris | II | Non | - | 1,27 | 0,80 | 0,00 | 2,07 | 4,80 | 3,40 | 8,20 | APTO | 10,27 |
| 7 | Lorenzo Rodríguez Yolanda | E | Si | - | 0,00 | 0,20 | 1,00 | 1,20 | 4,20 | 4,30 | 8,50 | - | 9,70 |
| 8 | Ventosela Pato Fátima | ¥ | Si | - | 1,21 | 0,00 | 0,50 | 1,71 | 4,20 | 3,60 | 7,80 | - | 9,51 |
| 9 | Fernández Borrajo Sonia | N | Non | - | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3,60 | 4,90 | 8,50 | APTO | 8,50 |

*Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello."*

Visto o Informe emitido polo Departamento de Persoal no que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir un (1) posto de traballo na categoría profesional de "Limpador/a de instalacións municipais (V)", mediante o chamamento de aspirantes ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Proceder á contratación para o posto de traballo de "Limpador/a de instalacións municipais (V)", do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0709 de data 09.09.2022 por orde de puntuación:

- Natalia Formoso Iglesias, con DNI núm. ›32

**Segundo.-** Contratar ó/á antedito/a aspirante con <u>data de inicio do contrato o 14 de setembro de 2022</u>, indicando que a dita contratación temporal cubrirá exclusivamente o tempo que dure a continxencia que derivou o parte de baixa por incapacidade temporal da traballadora Concepción Pulido González ( 648 ).

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada para a substitución dunha persoa traballadora, grupo V, en réxime de dedicación a tempo completo, segundo o artigo 15.3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0720 Data: 13/09/2022
Cod. Validación: 5DEM9M542TXL7LPM25ZERDDQ3 | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/

texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

**Cuarto.-** Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

| **CATEGORIA** | **Limpador/a de instalacións municipais** |
|---|---|
| **Nº traballadores** | 1 |
| **Aplicación orzamentaria** | 326.131-25 |
| **Tipo de contrato** | Contrato de duración determinada por substitución da persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo |
| **Xornada** | 100,00% |
| **CNAE-Ocupación** | 8411 - G |
| **Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)** | 1.327,48 € |
| **S.S. Empresa /Mes** | 460,64 € |
| **CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A** | **1.788,12 €** |

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,00 % sobre as retribucións do ano 2021, aprobado pola Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 do mércores 29 de decembro de 2021).

**Quinto.-** Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

**Sexto.-** Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

**Sétimo.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023 (artigo 15):

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | DISCAPACIDADE | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | COÑECEMENTO LINGUA GALEGA | TOTAL MÉRITOS | PROBA DE COÑECEMENTOS | | | PROBA GALEGO | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | Test | Suposto práctico | Total | | |
| 1 | Nóvoa Fernández Mª Teresa | 3- | Si | - | 0,05 | 0,00 | 0,00 | 0,05 | 6,00 | 5,70 | 11,70 | - | 11,75 |
| 2 | González Martínez Fátima | 5( | Si | - | 0,00 | 0,10 | 0,50 | 0,60 | 5,40 | 5,40 | 10,80 | - | 11,40 |
| 3 | Pérez Blanco Baltasara | 3: | Si | - | 0,00 | 0,50 | 1,00 | 1,50 | 4,80 | 4,80 | 9,60 | - | 11,10 |
| 4 | Dibuja Barroso David | 0( | Si | - | 0,00 | 0,50 | 0,50 | 1,00 | 4,80 | 5,00 | 9,80 | - | 10,80 |
| 5 | Lacusta Vanesa-Iris | 0( | Non | - | 1,27 | 0,80 | 0,00 | 2,07 | 4,80 | 3,40 | 8,20 | APTO | 10,27 |
| 6 | Lorenzo Rodríguez Yolanda | 54 | Si | - | 0,00 | 0,20 | 1,00 | 1,20 | 4,20 | 4,30 | 8,50 | - | 9,70 |
| 7 | Ventosela Pato Fátima | 4( | Si | - | 1,21 | 0,00 | 0,50 | 1,71 | 4,20 | 3,60 | 7,80 | - | 9,51 |
| 8 | Fernández Borrajo Sonia | 0( | Non | - | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3,60 | 4,90 | 8,50 | APTO | 8,50 |



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0720 Data: 13/09/2022
Cod. Validación: 5DEMM542TXL7LPM25ZERDDQ3 | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**Oitavo.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

**Noveno.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Décimo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0720 Data: 13/09/2022

Cod. Validación: 5DEM9M542TXL7LPM25ZERDDQ3 | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/